



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DA LEI DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULO DE TURISMO DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia”*, emite o seguinte,

INFORME

1º.- Competencia e marco legal aplicable.

A Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia constitúe a primeira norma legal de ámbito galego que regula de maneira completa a actividade de transporte público realizada ben na modalidade de taxi, ben na de arrendamento de vehículo con condutor. Esta regulación enmárcase no ámbito do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia que lle atribúe a competencia exclusiva sobre o transporte de persoas viaxeiras por estrada cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, mais tamén ten en conta as competencias dos concellos en materia de xestión e ordenación dos servizos urbanos e as funcións e competencias de titularidade estatal en materia de transporte terrestre.

Como corresponde ao seu rango normativo, a lei contén numerosas habilitacións para o seu desenvolvemento regulamentario posterior, desenvolvemento que, desde a súa entrada en vigor (o 14 de xullo de 2013), se veu acometendo pola Administración autonómica en todo o que afecta ao seu ámbito de actuación, como tamén polos concellos a través da adaptación das súas ordenanzas sobre a materia. Cómpre subliñar, a este respecto, que o proxecto de decreto que agora se analiza constitúe a



principal e máis completa norma de desenvolvemento da Lei 4/2013, do 30 de maio, mais non a única, posto que, consonte as previsións da propia lei, a súa concreción se abordou mediante un conxunto de normas coordinadas reguladoras de distintos aspectos.

Así, o Decreto 111/2014, do 4 de setembro (Diario Oficial de Galicia número 180, do 22 de setembro de 2014), modificou o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes, para crear a Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo, en consonancia coa previsión da disposición derradeira segunda da lei. Por outro lado, a Orde do 30 de xaneiro de 2015, pola que se regula o Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia, vén estruturar e regular o dito rexistro, creado polo artigo 19 da lei.

O proxecto de decreto que se analiza vén ser un paso máis nese labor de desenvolvemento da norma legal, ao completar as disposicións da lei de acordo coas habilitacións que esta contén en tal sentido. Entre estas, e sen carácter exhaustivo, poden destacarse as seguintes:

- Procedemento para extinguir licenzas de taxi (art. 12.4 da lei).
- Procedemento para o outorgamento coordinado de licenzas e autorizacións (artigo 15).
- Condicións e requisitos dos vehículos dedicados á actividade de taxi (artigo 24).
- Regulación dos supostos en que poderá autorizarse a contratación de servizos de taxi por praza con pagamento individual (artigo 29.2).
- Requisitos e condicións de contratación do servizo de taxi por medios telemáticos, e lugar e momento para poñer en marcha o taxímetro (artigo 32.2).
- Contido mínimo dos contratos de taxi nos que se fai unha reserva previa do servizo (artigo 33.3).

2º.- Obxecto da disposición



O proxecto normativo que se tramita desenvolve múltiples aspectos da Lei 4/2013, do 30 de maio, debendo destacar:

- Consolidación da vinculación entre licenza de taxi e autorización interurbana, e desenvolvemento do procedemento coordinado de tramitación

A Lei 4/2013, do 30 de maio, prevé unha vinculación entre os dous títulos administrativos habilitantes para prestar servizos de taxi: a licenza municipal (para servizos dentro do termo municipal) e a autorización interurbana (para servizos que excedan do ámbito municipal). De acordo con esta, non pode existir licenza sen autorización nin autorización sen licenza.

O proxecto de decreto consolida esa vinculación e regula ao detalle os procedementos administrativos para adxudicar novos títulos, para a súa transmisión, ou para outras actuacións referidas aos mesmos, de xeito que se actúe coordinadamente entre as dúas administracións. Deste xeito, o procedemento base que regula o artigo 3 do decreto prevé que a persoa interesada faga unha única solicitude, perante o concello, solicitude que produce o inicio tanto do expediente municipal como do tramitado ante a Administración autonómica.

Deste xeito, por unha parte, acádase unha maior simplificación e redución das cargas administrativas para o cidadán e, por outra, evitaránselles situacións complexas que se poderían producir no suposto de resolucións contraditorias por parte de cada unha das administracións.

- Procedemento de continxentamento específico

A lei prevé un continxentamento das licenzas (e, por tanto, tamén das autorizacións) de taxi, de maneira que fixa un número máximo de títulos por concello en función da súa poboación. Porén, tamén prevé a posibilidade de alterar ese continxentamento en atención ás circunstancias concretas dun concello, a través dun procedemento específico.



Este procedemento desenvólvese ao detalle no proxecto de decreto, e fundamentarase en esencia nun estudo de mobilidade que terá que elaborar o concello coa finalidade de analizar a necesidade de máis licenzas, estudo respecto do que o proxecto fixa o seu contido mínimo.

- Dereitos e deberes das persoas usuarias e dos profesionais do taxi

O regulamento completa o catálogo de dereitos que viñan recollidos na lei, especificando algúns como o dereito a ser informados polas administracións das condicións de prestación do servizo de taxi, ou a decidir sobre o aire acondicionado e calefacción do vehículo. Do mesmo xeito, tamén se regulan as obrigas, como a de non subir nin baixar co vehículo en movemento e a de non manter actitudes que poidan resultar molestas ou ofensivas.

Por outra parte, o regulamento tamén recolle por unha relación de dereitos e de obrigas dos profesionais do taxi, que non figuran expresamente na lei.

- Características dos vehículos que prestan o servizo de taxi

O proxecto afonda nas características que deben presentar os vehículos adscritos á prestación do servizo, especificando cuestións como que para o cómputo de prazas unicamente se terán en conta as aptas para seren utilizadas por calquera persoa (quedando excluídas as de dimensións reducidas), que terán que ter un mínimo de catro portas e unha capacidade de maleteiro non inferior a 330 litros, así como dispositivos de calefacción e aire acondicionado.

Deste xeito, a norma afonda na mellora da calidade do servizo público prestado mediante taxis, garantindo unha relativa estandarización da calidade que, como mínimo, debe percibir a persoa usuaria que fai uso do dito servizo.

- Condicións de contratación do servizo



A principal novidade neste campo é que o proxecto recolle as condicións en que, de maneira excepcional, os taxis poderán prestar servizos de transporte regular de uso xeral (que se fará logo da correspondente contratación); prestar servizos con cobramento individual por praza (en zonas de baixa poboación, con débil tráfico ou sen as mínimas adaptacións en materia de accesibilidade); e facer servizos de transporte regular de uso especial (isto é, servizos de transporte escolar ou de traballadores).

- Contratación por medios telemáticos e transporte de vultos

Desenvolvendo a lei, o regulamento detalla o contido mínimo que terá que ter o contrato entre o profesional do taxi e mais a persoa usuaria nos casos de reserva previa ou por medios telemáticos.

Así mesmo, mantén a exclusión de que os taxis realicen actividade de transporte de mercadorías, e clarifica supostos excepcionais nos que se xeran dúbidas sobre a natureza do servizo prestado, como acontece co transporte de mochilas ou outros vultos de peregrinos que estean a facer algún dos Camiños de Santiago de Compostela, elementos que constitúen as equipaxes daqueles e son transportados nas mesmas condicións, incluso tarifarias, que acontecería se algunha das persoas peregrinas fose a bordo do vehículo.

- Arrendamento con condutor

O regulamento complétase con disposicións relativas á actividade de arrendamento con condutor, prevendo, entre outros aspectos, o contido mínimo do contrato escrito que debe amparar este tipo de servizos.

3º.- Estrutura

Polo que respecta á estrutura do regulamento, este divídese en seis capítulos, referidos ás normas xerais, títulos habilitantes para prestar servizos de taxi, réxime



xurídico de exercicio da actividade, áreas territoriais de prestación conxunta, actividade de arrendamento de vehículos con condutor e infraccións e sancións.

O primeiro capítulo é o relativo ás normas xerais. Estas ocúpense de sinalar o obxecto deste regulamento e de establecer a obriga de dispor de licenza e autorización para exercer a actividade de transporte en vehículos de turismo, tanto en taxi como en vehículos dedicados ao seu aluguer con condutor, que serán obxecto de desenvolvemento nos capítulos seguintes.

O segundo capítulo ten por obxecto regular os títulos habilitantes para prestar servizos de taxi. Está dividido en cinco seccións, que abranguen a regulación dos procedementos coordinados, coa finalidade de obter unha simplificación dos trámites así como unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos, así como diferentes tipos de procedementos relacionados cos títulos habilitantes, tanto en relación co seu outorgamento inicial, como a súa posible transmisión, visado, suspensión, ou extinción, entre outros. Por último, neste capítulo régúlase tamén o Rexistro Público de Títulos Habilitantes, que se configura como un instrumento para a inscrición e constancia unificada da información relativa ás licenzas e ás autorizacións interurbanas de taxi existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

No capítulo terceiro establécese o réxime xurídico de exercicio da actividade, facendo especial fincapé na regulación dos dereitos e deberes das persoas usuarias e das persoas profesionais da actividade do taxi; nas características e condicións que deben reunir os vehículos adscritos ao servizo; no réxime de explotación do taxi a través da persoa titular e de persoal asalariado; as condicións de contratación e prestación do servizo, regulando a posibilidade de contratación telemática e a posibilidade de realizar o transporte de mochilas ou outros vultos pertencentes a peregrinos que estean a realizar algún dos Camiños de Santiago; así como o réxime económico dos servizos de taxi coa regulación das tarifas e do procedemento para a súa revisión.

No capítulo cuarto desenvólvese a regulación do réxime xurídico aplicable á creación das áreas territoriais de prestación conxunta, sexa por iniciativa municipal ou



autonómica.

No capítulo quinto establécese a actividade do aluguer de vehículos con condutor, definindo con claridade os requisitos para o desempeño da actividade e contribuíndo á súa diferenciación da actividade de taxi.

No capítulo sexto regúlanse as cuestións relativas á inspección e ao réxime de infraccións e sancións aplicables aos transportes de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Finalmente, establécese unha regulación transitoria para regular a esixencia da capacitación profesional de persoas condutoras, así como para os vehículos que superan a antigüidade máxima permitida no momento de aprobación da norma regulamentaria.

4º- Tramitación

A tramitación deste proxecto de decreto desenvolveuse con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (no sucesivo, LOFAXGA) e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:

1º) O procedemento para a aprobación do decreto iniciouse por acordo da conselleira de Infraestruturas e Vivenda do 15 de febreiro de 2016.

2º) O texto inicial foi aprobado pola persoa titular da consellería o 8 de marzo de 2016, e sometido, de acordo coas previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aos seguintes informes:



- Informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 11 de xullo 2016.
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 15 de abril de 2016.
- Informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 11 de abril de 2016.
- Informe da Comisión Especial de Transporte en Vehículos de Turismo do Consello Galego de Transportes, emitido o 21 de decembro de 2016.

O proxecto someteuse tamén a información pública a través da páxina web da consellería, e abriuse o correspondente trámite de audiencia ás seguintes entidades interesadas: FEGATAXI, Comité Galego de Transporte por Estrada, FGAMP, CCOO, UGT, CIG, Consello Galego de Consumidores e Usuarios, e Axencia Turismo de Galicia.

En total, recibíronse alegacións ou informes de: FEGATAXI, da Federación Galega de Taxi, das federacións de transporte en autobús TRASGACAR, FEGATRAVI, FEGABÚS e ANETRA (escrito conxunto das catro federacións), da Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, da Asociación de Autopatronos de Pontevedra, da CERMI (individual e conxuntamente con COGAMI), da CIG, do Comité Galego de Transporte por Estrada, do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, e da Unión de Consumidores de Galicia. Ademais, a título particular recibíuse un escrito de Jesús Pena Duarte, así como un escrito de suxestións formuladas pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía

3º) Trala análise das alegacións presentadas e os informes emitidos, reformulouse o proxecto de decreto que se sometou á consideración da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, que emitiu informe o 13 de xuño de 2018. Dito informe conten detalladas observacións sobre o procedemento e sobre o contido do proxecto de decreto, que foron incorporadas ao texto que se someterá ao ditame do Consello Consultivo de Galicia xunto co expediente administrativo, ao que se incorpora unha memoria xustificativa consolidada e complementaria, que consolida a memoria xustificativa do



6º.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao Consello da Xunta para a súa aprobación como Decreto.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016

O secretario xeral técnico



Joaquín Macho Canales

